

- Cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior.
- Outros cursos de formación do profesorado en colaboración cos centros de formación e recursos (CFR), e o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Máis información

- Escolas oficiais de idiomas.
- Seccións das escolas oficiais de idiomas.
- www.edu.xunta.es/ea

idiomas

Escolas oficiais de
idiomas

Escolas oficiais de idiomas

Que son as escolas oficiais de idiomas?

Son centros docentes públicos para a aprendizaxe de idiomas e para a súa práctica. Nelas foméntase especialmente o estudo das linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea, das linguas cooficiais existentes en España e do español como lingua estranxeira. Así mesmo, facilítase o estudo doutras linguas que por razóns culturais, sociais ou económicas presenten un interese especial.

Quen se pode matricular?

Pódese matricular nunha escola oficial de idiomas (EOI) calquera persoa que teña 16 anos cumpridos no ano en que comece os estudos, se se trata da primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obrigatoria, ou 14 anos, no caso das restantes linguas.

Que linguas se poden estudar?

Nas escolas oficiais de idiomas de Galicia pódense estudar ata once linguas:

- Alemán
- Árabe
- Chinés
- Español para estranxeiros
- Francés
- Galego
- Inglés
- Italiano
- Portugués
- Ruso
- Xaponés

Onde se atopan as escolas oficiais de idiomas?

Na actualidade hai once escolas oficiais de idiomas, das que ademais dependen 20 seccións, nas catro provincias galegas:

- EOI da Coruña.
 - Sección de Carballo (Pazo da Cultura).
 - Sección de Cee (IES Fernando Blanco).
 - Sección de Culleredo (IES Universidade Laboral).

- EOI de Ferrol.
 - Sección de Cedeira (IES Punta Candieira).
- EOI de Santiago de Compostela.
 - Sección de Negreira (IES Xulián Magariños).
 - Sección de Noia (IES Virxe do Mar).
 - Sección de Ordes (IES Nº 1).
 - Sección de Ribeira (IES Nº 1).
 - Sección de Santiago (IES do Sar).
- EOI de Lugo.
- EOI de Monforte de Lemos.
- EOI de Ribadeo.
- EOI de Viveiro.
- EOI de Ourense.
 - Sección do Barco de Valdeorras (IES Lauro Olmo).
 - Sección do Carballiño (IES Manuel Chamorro Lamas).
 - Sección de Verín (IES García Barbón).
- EOI de Pontevedra.
 - Sección da Estrada (IES Antón Losada Diéguez).
 - Sección de Lalín (IES Ramón Mª Aller Ulloa).
 - Sección de Pontevedra (IES Valle-Inclán).
- EOI de Vigo.
 - Sección de Cangas (IES de Rodeira).
 - Sección de Nigrán (IES Escolas Proval).
 - Sección de Ponteareas (IES Val do Tea).
 - Sección de Tui (IES San Paio).
 - Sección de Vigo (IES Alexandre Bóveda).
- EOI de Vilagarcía de Arousa.

Como se estruturan os estudos?

O plan de estudos organízase en tres niveis:

- Básico (dous anos; tres no caso do chinés e do xaponés).
- Intermedio (dous anos; tres no caso do árabe, o chinés e o xaponés).
- Avanzado (dous anos).

Que certificación se obtén?

Ao remate de cada nivel hai que superar unha proba de certificación, que dá dereito á expedición do certificado oficial correspondente:

- Certificado de nivel básico (nivel A2 do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas).
- Certificado de nivel intermedio (nivel B1 do MECRL).
- Certificado de nivel avanzado (nivel B2 do MECRL).

Cantas modalidades hai?

As persoas que desexen estudar nunha escola oficial de idiomas teñen estas opcións:

- Réxime oficial, no que se poden cursar os estudos nunha destas modalidades:
 - Presencial, con tres sesións de 90 minutos por semana na EOI.
 - A distancia, só no caso de inglés, por medio do programa That's English!
- Réxime libre, para que as persoas non escolarizadas nunha EOI poidan obter os certificados dos distintos niveis mediante a superación das probas de certificación.

E se xa teño coñecementos previos da lingua?

As persoas con coñecementos previos da lingua poderán acceder a un curso distinto do primeiro de nivel básico, como alumnado oficial, por medio de:

- Proba de clasificación: avalían os coñecementos da lingua para dar acceso ao curso que corresponda, segundo os resultados da proba.
- Acceso directo por titulación: as instrucións de matrícula establecen cada ano as titulacións ou os certificados de coñecemento do idioma que dan acceso a cada curso.
- Título de bacharel: permite acceder directamente ao primeiro curso de nivel intermedio na primeira lingua estranxeira cursada no bacharelato.

Que outras actividades ofrecen as escolas oficiais de idiomas?

Ademais dos estudos regrados, as escolas oficiais de idiomas ofrecen outros cursos de actualización e perfeccionamento en idiomas:

- Cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) para o profesorado.
- Cursos para sectores profesionais (audiovisual, comercio, turismo, medio mariño, etc.).
- Cursos preparatorios para as probas Celga.